

# ¿IMPERIALISMO ECONÓMICO OU EXPANSIÓN DA ANÁLISE ECONÓMICA? UNHA VISIÓN MULTIDISCIPLINAR

Fco. Javier Sanjiao Otero\*  
Universidade de Santiago de Compostela

## SUMARIO:

1. ¿Imperialismo económico?
2. A definición da economía pola metodoloxía empregada e non polo obxecto considerado.
3. Unha crítica ás visións negativas da economicidade.
4. A Análise Económica do Dereito e da Política.

## 1. ¿Imperialismo económico?

Nas últimas décadas resultan comúns as referencias ó *imperialismo económico*, para facer referencia á expansión do obxecto de estudo das ciencias económicas. A utilización deste concepto pon de manifesto as reticencias ante esta expansión por parte de profesionais doutras disciplinas ou mesmo por determinados economistas (1), e introduce unha visión negativa que pode, e debe, ser desbotada.

Falar de imperialismo implica falar da doutrina dos imperialistas, é decir, daquela “actitude e doutrina dun estado ou nación, ou de persoas ou forzas sociais ou políticas, partidarios de extende-lo dominio dun país sobre outro ou outros por medio da forza ou por influxos económicos e políticos abusivos” (2). O emprego deste adxetivo á hora de califica-la actitude dos economistas (ou daqueles a quen se aplica), leva implícita a acusación de que

---

\* Departamento de Economía Aplicada. Facultade de Dereito.

(1) Becker (1976: 11-12) analiza a hostilidade de moitos economistas ante esta expansión.

(2) Real Academia Española (1992: t. II, 1145, voz 2).

están actuando conforme a criterios que pretenden extende-lo dominio da ciencia económica sobre outras ciencias por medio da forza ou influxos abusivos, o que constitúe unha valoración interesada, irreal, e, en grande medida, fruto de comportamentos corporativistas (3).

A diversificación do saber humano e a necesidade de especializarse, que dificulta hoxe en día a aparición de figuras renacentistas como Leonardo da Vinci expertas en múltiples esferas do saber, non está reñida, máis ben ó contrario, con análises multimetodolóxicas que deben seguirse para explicarmos os distintos fenómenos presentes na realidade, e que resultan imprescindibles no ámbito das ciencias sociais. Cada vez resulta máis común o establecemento de equipos de investigación nos que interveñen expertos cunha preparación científica e técnica diversa, e que aplican distintas técnicas de estudio a un mesmo elemento con carácter non excluínte senón complementario.

A posibilidade de abordar calquera manifestación social desde múltiples perspectivas constitúe un elemento enriquecedor, dado que cada unha delas permitirá considerar distintos problemas presentes e contribuirá na busca de mecanismos para explicalos e solucionarlos. Se pensamos no proxecto xenoma humano, e na súa importancia para incrementar no futuro o benestar humano, a participación de médicos, biólogos, teólogos, xuristas, informáticos, etc. resulta imprescindible. Pero, malia a súa importancia, o papel dos economistas en calquera estudio a abordar é visto en moitos casos como un elemento distorsionante, imposto por criterios economicistas e que pode diminuí-lo carácter científico do estudio.

O motivo de fondo desta visión negativa, ven motivado pola confusión entre o ideal e o real. Á marxe da necesidade de buscar solucións normativas ós problemas, que nos conducirían a situacións ideais, non podemos deixar de considerar os aspectos positivos, que nos conducirán ás situacións posibles. Os resultados ideais son a maioría das veces imposibles de acadar polas restricións existentes, a mellor situación posible será sempre inferior ó ideal, pero o ideal resulta inacadable, e o *segundo mellor* só poderá acadarse empregando coa maior eficiencia posible os recursos dos que dispoñemos. Por

---

(3) Ver en Frey (1992: 18-19) como foi recibida a análise económica nas outras ciencias.

este motivo, a economía, adquire un papel sobranceiro malia as críticas realizadas por calquera individuo cando na busca dos seus intereses pretende limitárselle a súa actuación conforme a criterios económicos.

## **2. A definición da economía pola metodoloxía empregada e non polo obxecto considerado**

No momento en que xurde a economía como ciencia con entidade propia, o obxectivo dos economistas pasaba pola súa singularización, fixando aqueles campos singulares ós que debía atender, centrándose no estudio dos mecanismos cos que un reino podía enriquecerse tanto respecto dos seus cidadáns como respecto do soberano (4), e en identificaren “a natureza e a causa da riqueza das nacións” (5), tema básico do que emanaban os aspectos estudados pola economía ortodoxa. Pero xunto con este obxectivo, base de innumerables estudos e que constitúe unha aportación esencial da economía ó benestar social, xurdiron outras concepcións acerca do seu obxecto (6) que prestaba atención á escasez e á necesidade de administra-los recursos existentes para satisfice-las necesidades (7), ou ás actividades de intercambio realizadas polos individuos (8). A mellora económica pode pasar tanto por maiores recursos (incrementa-la riqueza), como por maiores resultados cos recursos que se teñen (administra-los recursos, realizar intercambios); en calquera dos casos a sociedade sairá beneficiada, pero en moitos casos os recursos veñen dados, as posibilidades de incrementalos son reducidas, e só é posible unha mellora na súa administración.

Deste xeito, a economía non ten que limitarse a analizar aquelas actividades que persigan incrementa-la riqueza, senón que o seu campo de estudio extendese a calquera actividade humana na que, existindo uns recursos escasos, exista a necesidade de optar entre aqueles usos alternativos dos seus recursos que lles permitan incrementa-la satisfacción dos seus

---

(4) Mun (1664: 53)

(5) Smith (1776: 605).

(6) Ver Robbins (1935).

(7) Ver Otero (1986: 81-84).

(8) Ver Hayek (1976); Buchanan (1969).

intereses. Noutras palabras, calquera actividade social está influenciada por elementos económicos, e non existe ningunha actividade humana que non poida ser analizada mediante a metodoloxía económica (9). O emprego das técnicas propias dos economistas permitirán incorporar unha visión distinta no seu estudio, xa que escasez e elección, caracteres que xustifican a necesidade de acudir á economía, están presentes en calquera actividade humana (10).

A actividade económica non se refire só á necesidade de buscarmos ingresos ou de realizarmos actividades de produción e distribución de bens e servicios efectuadas dentro dun mercado en sentido estricto no que se compra e se vende. Ou mellor, calquera actividade se desenvolve dentro dun mercado formal ou informal, onde os individuos, con criterios racionais, incluso de forma non consciente, empregan os seus recursos materiais e inmateriais para acadar un resultado (á marxe do resultado concreto que persiguen ou de se chegan acadalo).

Os individuos actúan conforme ó paradigma do *homo oeconomicus* (11) non só cando son compradores, vendedores ou produtores, tamén cando son pais, fillos, xuíces, criminais, artistas, espectadores, políticos..., e en calquera destes roles actúan co mesmo criterio, utilizan racionalmente os medios que teñen á súa disposición co fin de satisfacer os seus obxectivos e incrementar o seu benestar optimizando a súa actuación, e da interacción dos distintos individuos que interveñen nesa actividade (no mercado formal ou informal) chegarase a un punto de equilibrio que determina o resultado acadado. O comportamento dos individuos ven determinado en todo momento polos seus intereses, os seus incentivos e as restriccións ás que está sometido, e non ten senso partilo.

---

(9) McKenzie e Tullock (1978: 11-37); Frey (1992: 3-13).

(10) "Un elemento esencial ó aspecto económico da conducta humana consiste na posibilidade de efectuar eleccións; está claro que unicamente cando se dispón de medios escasos para conseguir certas metas e estes medios son aplicables a usos diversos e ó mesmo tempo os obxectivos poden graduarse por orden de importancia, pode a conducta humana adoptar racionalmente a forma de elección, e só entón posue unha dimensión económica" (Otero, 1986: 82).

(11) Ver Corona (1995); Puy (1995).

Este feito constitúe o fundamento da transformación da economía nunha metodoloxía que atende ó *estudio do comportamento humano* (12) aplicable a todo o conxunto de decisións que os individuos teñen que adoptar en condicións de escasez na súa vida, até abranguer como obxecto de estudio múltiples tópicos que fai pouco se consideraban fora do campo de análise da ciencia económica (13). Aspectos da vida social que eran estudados en exclusiva por sociólogos, antropólogos, historiadores, politólogos, xuristas, psicólogos, biólogos, etc., son atraídos ó campo de estudio dos economistas, e analizados desde unha perspectiva diferente ás aplicadas polo outros estudiosos. Resulta moi conocida a definición de Jacob Viner, “a economía é o que fan os economistas” (14), e cada vez os economistas atenden a máis cousas, e incluso atendendo a quen critican que constitúe unha definición circular que non conduce a nada, podemos decir que este círculo é cada vez maior (15).

Becker sinala tres etapas na ciencia económica; na primeira limitábase ó estudio dos mecanismos de produción e consumo de bens materiais (teoría tradicional dos mercados); na segunda ampliouse ó estudio dos fenómenos nos que existía unha relación de intercambio monetario (fenómenos mercantís); na actualidade estudia o conxunto das conductas humanas e das decisións correspondentes, xa que toda cuestión que presente un problema de asignación de recursos e de opcións no marco dunha situación de escasez caracterizada polo enfrentamento de obxectivos alternativos, pertence á economía e pode ser estudada pola análise económica (16). O determinante non é o obxecto da súa análise senón a metodoloxía empregada (17), e un mesmo obxecto de estudio (familia, defensa, política, artes,...) pode e debe ser

---

(12) Becker (1976: 3-14).

(13) Sobre os campos ós que se pode aplica-la análise económica fora da economía ortodoxa poden consultarse North e LeRoy (1971, 183-184); McKenzie e Tullok (1978: 383-386); Frey (1992: 13-18); Corona e Puy (1995: 7); Febrero e Schwartz (1995: vii-ix).

(14) Vid Boulding (1967: 31).

(15) Vid Buchanan (1964: 18); Becker (1971: 11).

(16) Manifestado por Becker nun seminario celebrado en París en Setembro de 1977 e recollido en Lepage (1978: 21-22).

(17) McKenzie e Tullok (1978: 5-6) analizan os motivos polos que a análise económica se definiu tradicionalmente tanto polo seu obxecto como polo seu método, e xustifican a súa expansión actual.

analizado desde perspectivas económicas, xurídicas, técnicas, sociolóxicas ou psicolóxicas, facendo fincapé en distintos aspectos da mesma (18). A economía convértese así na ciencia que afronta calquera aspecto da vida social susceptible dunha análise económica. A lóxica ampliación da análise económica a calquera problema social, “permite en moitos casos comprender mellor algúns dos aspectos máis fascinantes e fundamentais da vida no mundo moderno” (19).

Esta ampliación, que goza de gran predicamento hoxe en día nos estudos económicos, como mostra a concesión do Premio Nóbel en 1992 a Gary S. Becker “por ter extendido o campo da análise microeconómica a un amplo rango de comportamentos e interaccións humanos, incluíndo o comportamento fora do mercado” (20), non pode por estes motivos ser catalogada de *imperialista*, en canto que é realizada conforme a criterios da razón e non da forza.

En calquera caso, esta importancia da economía para analiza-lo comportamento humano non implica que se degrade o papel doutras ciencias sociais nin que se afirme a prevalencia da análise económica. Tan só constitúe unha estrutura valiosa para comprender todo o comportamento humano, malia reconece-la súa incapacidade para explicalo en certos casos, e a significativa contribución de variables non económicas e de técnicas e descubrimentos doutros campos (21).

### **3. Unha crítica ás visións negativas da economicidade.**

A visión negativa deste fenómeno ven causada en moitos casos polas reticencias dos axentes que interveñen en determinadas actividades sociais a seren valorados na súa actuación conforme a criterios de eficiencia

---

(18) Así un xurista considera as normas sobre esa actividade, un psicólogo os gustos, un economista os recursos e incentivos, etc..

(19) Becker (1995: xvij).

(20) Fundación Nóbel (1996).

(21) Para unha análise da contribución da economía a outras ciencias sociais, e doutras ciencias á economía ver Buchanan (1966).

económica. Non son, ou non queren, ser conscientes de que a súa postura tamén responde a criterios económicos. Cando un artista, un médico, un docente, un militar, un político, un xurista ou calquera outro individuo, argumenta que a súa actividade responde a intereses superiores (o arte, a saúde, o ensino, a defensa, o ben social, o dereito) por riba do mercado, e que non poden verse limitados por criterios económicos, tan só están pretendendo defende-lo seu campo de actuación fronte á calquera outra actividade coa que está competindo á hora de conseguir os recursos necesarios para desempeñala.

Individual ou colectivamente (22) sempre temos que elixir á hora de adica-los recursos dos que dispoñemos en función das distintas combinacións de bens que podemos producir. Resulta imposible acadar todo o que queremos, e a opción debe manifestarse tanto á hora de elixi-los fins como á hora de asigna-los recursos. Se os recursos non foran escasos, e non houbera á forza que optar entre os usos alternativos, todos eles defendibles con vistas a satisfice-lo conxunto de necesidades dos individuos, non existiría ningún problema. Esta insuficiencia xustifica a intervención da análise económica á hora de optimiza-la nosa actuación, con independencia dos fins que persigamos, xa que o despilfarro de recursos nunha actividade diminúe os recursos dispoñibles para afrontar outras.

Respecto dos fins perseguidos, a análise económica é neutral, xa que “so constitúe un *método* de análise e non unha asunción de motivacións particulares” (23). A economía neste senso é unha ciencia positiva á marxe de xuízos de valor sobre os fins que perseguimos, e unha vez definidos polo individuo ou pola sociedade só atende a valorar cales son os medios máis axeitados para cumprilos, os recursos necesarios e as institucións que reforzarán os incentivos que motivan a actuación, para na medida do posible evita-lo despilfarro dos recursos.

As críticas á economicidade só manifestan unha visión simplificada pola que se asume que os criterios económicos responden á busca de

---

(22) Heap e outros (1992) analizan os problemas derivados da necesidades de realizar eleccións a nivel individual, interactivo ou colectivo.

(23) Becker (1993: 633-634).

beneficios monetarios ou traducibles en cartos, ignorando que os individuos se moven por un amplo conxunto de valores e preferencias (24). Non só atenden a intereses egoístas (monetarios ou inmateriais) senón que conforme a criterios económicos pode perseguir maximiza-los beneficios para outros afectados polas súa decisions comportándose como un altruísta racional (25), e a análise económica pode aplicarse a calquera comportamento humano. Unha vez identificados os intereses perseguidos e os recursos dispoñibles, pode utilizarse para explicar un comportamento en principio antieconómico ó non persegui-lo incremento da riqueza (material), igual que o argumento do comportamento racional poden explicar comportamentos de persoas en principio irracionais (26).

#### **4. A Análise Económica do Dereito e da Política**

Dentro deste proceso de ampliación do campo de estudio da Economía, a Política e o Dereito constitúen dous exemplos evidentes da súa oportunidade.

En canto á análise económica da política, a necesidade de artellar mediante institucións a vida en común dos individuos que conforman unha determinada sociedade, entra de cheo no seu campo de estudio e constitúe unha valiosa ferramenta de traballo nas mans dos estudiosos do sistema político.

As aportacións realizadas pola *Teoría da Elección Pública* constitúen así “un estudio económico de toma de decisións fora do mercado, ou simplemente a aplicación da teoría económica á ciencia política” (27). A realización deste obxectivo responde, en palabras dun dos representantes sobranceiros desta escola e premio Nobel de Economía no ano 1986, James M. Buchanan, á necesidade “de axudar ós individuos, como cidadáns que, en derradeira instancia, controlan a súa propia orde social, na súa busca permanente

---

(24) Ver Frey (1997: 118-125).

(25) Ver Boulding (1973); Sen (1987: 32-39); Van de Kragt e outros (1988); e Frey (1997).

(26) Ver Michaels (1979).

(27) Mueller (1979: 14).

daquelas regras do xogo político que mellor sirvan ós seus propositos, sexan estes os que foran” (28).

Os conflitos políticos responden á presenza de múltiples intereses individuais que, á marxe de valoracións morais ou éticas, resultan igualmente perseguibles (multiplicidade de opcións); á hora de cristaliza-la opción perseguida os individuos empregan os seus recursos (escasos) para motiva-la súa adopción; as institucións establecidas reforzan ou impiden determinados comportamentos mediante as variacións que introducen nos incentivos que os determinan; as institucións políticas precisan recursos para desempeña-la súa actividade e deben conseguilos no mercado ou de quen actúa no mercado; e calquera destes elementos e moitos outros caen dentro dunha análise económica.

Deste xeito a análise económica da política constitúe unha metodoloxía esencial para explica-lo seu funcionamento, e para racionaliza-la creación, modificación e aplicación de normas que conviryan en decisións colectivas o que na súa orixe son múltiples decisións individuais, non só respecto das medidas políticas referentes ós mecanismos presupostarios cos que fixa-los programas de ingresos e gastos públicos, ou respecto de normas que directamente afectan ó sistema económico, senón, con carácter máis amplo, dos procesos nos que se establece calquera institución política e as regras da súa actuación.

A capacidade da metodoloxía económica para analiza-lo sistema xurídico, obxecto da *Análise Económica do Dereito*, resulta tamén indiscutible, dado que, como recolle Otero Díaz (29), non só o ordeamento xurídico condiciona os actos que modifican e desenvolven a economía, senón que o Dereito constitúe a consagración social dos feitos económicos, e polo tanto a Economía ten que enxuzar ó Dereito.

A labor do xurista estudiando o proceso de creación xurídica, formulando normas positivas precisas, atendendo á función social destas

---

(28) Buchanan (1987: 533).

(29) Otero (1966).

normas, e interpretando e aplicando ás mesmas á realidade social co fin de resolve-los conflitos que se presenten ou poidan presentarse, presentan sen dúbida os caracteres de escasez e opción que xustifican a aplicación da metodoloxía económica no seu estudio.

Os fenómenos económicos e os fenómenos xurídicos constitúen, malia a súa singularidade, fenómenos sociais interdependentes, supoñen dúas facetas da sociabilidade que xurden e se desenvolven simultaneamente. A ciencia económica descansa fundamentalmente nas actividades individuais e atende ás expresións inmediatas da satisfacción das necesidades (materiais e inmateriais) dos individuos. A ciencia xurídica constitúe en esencia unha actividade social, en canto fundamento da convivencia que garante a coexistencia de ideas e liberdades, establecendo a orde social necesaria para que os individuos poidan actuar nun contexto que armonice os distintos intereses que presentan.

Deste xeito, calquera norma xurídica que pretenda reformar calquera actividade que teña un compoñente económico, e non só aquelas normas que pretender ter efectos nos mercados económicos (30), cando se estableza sen ter en conta os condicionantes económicos subxacentes nesa actividade está condeada ó fracaso, a ser unha norma aplicable e esixible no papel pero inaplicada na vida real (31). As normas xurídicas só terán efectos se inciden naqueles elementos económicos que determinan a actividade dos individuos.

O interese do xurista non debe limitarse ó mero establecemento ou aplicación dunha norma positiva, conforme a unha análise xurídico formal, senón á busca de normas efectivas, nas que se teñan en conta os seus efectos reais e as ventaxas ou desventaxas que reportan á sociedade. A Análise Económica do Dereito, “aplica principios e técnicas habituais da análise económica ó estudio dos problemas característicos do ordeamento xurídico” (32).

---

(30) Aspecto esencial na distinción entre a vella e a nova análise económica do Dereito (Posner, 1981: 4).

(31) O que resulta dobremente preocupante, en canto supón o emprego de recursos escasos para establecer unha norma e para forza-la súa aplicación (custos de negociación e de imposición), ó tempo que impide empregar estes recursos para adoptar outras normas máis eficaces (custos de oportunidade).

(32) Pastor (1989: 31).

As normas crean (ou modifican) incentivos e fan que os individuos actúen dun xeito causando efectos na sociedade na que se aplican, polo que desde a Análise Económica do Dereito estudaránse os incentivos das persoas, buscaranse aquelas regras que incidan neles para promover ou restrinxir determinados comportamentos, e valorarase a súa eficacia para cumpli-los obxectivos perseguidos na realidade atendendo a distintos criterios (eficiencia, redistribución, equidade,...).

Malia os problemas que se presentan na súa aplicación (identificar e cuantificar en termos de custos e beneficios os efectos e obxectivos das normas, identifica-los incentivos dos individuos, presenza de conflitos de valores, etc.), a Análise Económica do Dereito permítenos analiza-lo sistema legal desde unha perspectiva nova, moi útil para os xuristas e para calquera implicado na definición ou aplicación do Dereito (en canto suxeito activo ou pasivo do mesmo), xa que proporciona argumentos para establecer, modificar, interpretar, aplicar, ou mesmo xustifica-lo incumplimento das normas. O Dereito non só serve para que unha sociedade acadese uns fins de xustiza e benestar; tamén proporciona, modifica ou elimina dereitos que responden a modelos de racionalidade económica, polo que compre ver se estas actuacións son eficientes ou non, á hora de garanti-los obxectivos perseguidos.

## **BIBLIOGRAFÍA**

- Becker, Gary S. (1971): *Teoría Económica*, traducción ó castelán de 1977, Fondo de Cultura Económica, México.
- Becker, Gary S. (1976): *The Economic Approach to Human Behavior*, University of Chicago Press, Chicago.
- Becker, Gary S. (1993): "Nobel Lecture: The Economic Way of Looking at Behaviour", reimpresión en Febrero e Schwartz (1995), p. 633-658.
- Becker, Gary S. (1995): "Preface", en Tommasi, Mariano e Ierulli, Kathryn (eds.) (1995): *The new economics of human behavior*, Cambridge University Press, Cambridge, p. xv-xvii.
- Boulding, Kenneth E. (1966): *Análisis económico*, traducción ó castelán de 1967, Alianza Editorial, Madrid.
- Boulding, Kenneth E. (1973): *La economía del amor y del temor*, traducción ó castelán de 1976, Alianza Editorial, Madrid.

- Buchanan, James M. (1964): "What Should Economist Do?" en Buchanan (1979), p. 17-37.
- Buchanan, James M. (1966): "Economics and Its Scientific Neighbors", reimpresso en Buchanan (1979), p. 115-142.
- Buchanan, James M. (1969): "Is Economics the Science of Choice?", reimpresso en Buchanan (1979), p. 39-63.
- Buchanan, James M. (1979): *What should Economist Do?*, Liberty Press, Indianapolis.
- Buchanan, James M. (1987): "La Constitución de la Política Económica", *Papeles de Economía Española*, 30/31, p. 526-533.
- Corona, Juan Francisco (1995): "Homo oeconomicus: El eslabón perdido" en Corona e Puy (1995), p. 13-28.
- Corona, Juan Francisco; e Puy Fraga, Pedro (eds.) (1995): *Economía en broma y en serio*, Minerva Ediciones-Fundación Alfredo Brañas, Madrid.
- Febrero, Ramón; e Schwartz, Pedro S. (eds.) (1995): *The essence of Becker*, Hoover Institution Press, Stanford University, Stanford.
- Frey, Bruno S. (1992): *Economics as a Science of Human Behaviour*, Kluwer Academic Publishers, Massachusetts.
- Frey, Bruno S. (1997): *Not Just For the Money. An Economic Theory of Personal Motivation*, Edward Elgar Publishing, Cheltenham.
- Fundación Nóbel (1996): Archivo descargado do servidor da Fundación Nóbel en internet o 10 de setembro de 1996, na seguinte dirección: <http://www.nobel.se/cgi-bin/uncgi/laureate>.
- Hayek, Friedrich A. (1976): "El orden del mercado o catalaxia", traducción ó castelán do cap. X de *Law, legislation and liberty*, vol. II, en Huerta de Soto, Jesús, (ed.) (1987): *Lecturas de Economía Política*, tres volúmenes, Unión Editorial, Madrid, p. 161-189.
- Heap, Shaun Hargreaves; Hollis, Martin; Lyons, Bruce; Sugden, Robert; e Weale, Albert (1992): *The Theory of Choice. A Critical Guide*, Blackwell Publishers, Oxford.
- Lepage, Henri (1978): *Mañana, el capitalismo*, traducción ó castelán de 1979, Alianza Editorial, Madrid.

- McKenzie, Richard B. e Tullock, Gordon (1978): *La nueva frontera de la economía*, traducción ó castelán de 1980, Espasa Calpe, Madrid.
- Michaels, Robert J. (1979): "A Theory of Mental Illness", en *Frontiers of Economics*, 1979, p. 15-30.
- Mueller, Dennis C. (1979): *Elección Pública*, traducción ó castelán de 1984, Alianza Editorial, Madrid.
- Mun, Thomas (1664): *La riqueza de Inglaterra por el comercio exterior*, traducción ó castelán de 1954, Fondo de Cultura Económica, México.
- North, Douglas C.; e LeRoy Miller, Roger (1971): *El análisis económico de la usura, el crimen, la pobreza, etcétera*, traducción ó castelán de 1976, Fondo de Cultura Económico, México.
- Otero Díaz, Carlos (1966): *La influencia de la Economía en el Derecho*, Instituto de Estudios Políticos, Madrid.
- Otero Díaz, Carlos (1986): *Clásicos del pensamiento económico y financiero*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Posner, Richard A. (1981): *The Economics of Justice*, fifth printing 1994, Harvard University Press, Cambridge, Massachusetts.
- Puy Fraga, Pedro (1995): "¿Economía en broma y en serio?. Consideraciones sobre la aplicabilidad del homo oeconomicus", en Corona e Puy (eds.) (1995), p. 29-57.
- Real Academia Española (1992): *Diccionario de la Lengua Española*, Espasa Calpe, 21ª edición, dos tomos.
- Robbins, Lionel (1935): *An essay on the nature and significance of economic science*, MacMillan and Co. Limited, London.
- Sen, Amartya (1987): *Sobre ética y economía*, traducción ó castelán de 1989, Alianza Editorial, Madrid.
- Smith, Adam (1776): *Investigación sobre la naturaleza y causas de la riqueza de las naciones*, traducción ó castelán de 1958, Fondo de Cultura Económica, México
- Van de Kragt, Alphons J.C.; Dawes, Robyn M.; e Orbell, John M. (1988): "Are people who cooperate rational altruists?", *Public Choice*, v. 56, p. 233-247.